

ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO ESCOLAR EXTRAORDINARIO

Acta da sesión do consello escolar extraordinario celebrado o mércores 26 de febreiro de 2025, ás 11:10 horas, na aula 5 deste centro, cun único asunto na orde do día:

- Presentación do orzamento para o ano 2025

Preside a sesión o director do centro, Víctor Rodríguez Romero, e asisten á reunión os membros do consello que figuran na folia que se achega.

A secretaria, Beatriz González, presenta o proxecto de ingresos e gastos para o ano 2025. Aporta fotocopias con táboas explicativas que achégase a esta acta.

Os ingresos estímase algo menores os do ano anterior pero os gastos serán máis altos. O remanente baixará un pouco. No proxecto de gastos inclúese unha subida no mantemento do edificio para o cambio das madeiras estragadas do auditorio para as cales existe unha partida gardada. Tamén mercarase un novo carro de limpeza e instalarase un novo telón no salón de actos. O gasto en produtos e material de limpeza subiu polo novos dispensadores de papel para secar as mans e continuará así neste ano aínda que intentarase probar outros dispensadores e papel máis barato.

O gasto en dietas baixará, xa que non temos excursión de varios días para terceiro e segundo da ESO.

A estes gastos sumárase o gasto en froita que será duns 6000 euros e espérase un ingreso de 8000 euros por parte da Consellería para axudar nos gastos da participación na Feira de Bruxelas pero que aínda non están confirmados.

En Vigo, a 26 de febreiro de 2025

O director:

Asdo.: Víctor Rodríguez Romero

A secretaria:

Asdo.: Beatriz González de Paz